



Confederación Intersindical Galega

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com Teléfono 646413673

Ourense: ourense@cigtelefonica.com Teléfono 629306890

---

## II Conferencia Nacional CIG Telefónica

Estamos preparando a II Conferencia Nacional CIG Telefónica, este acto debe servir para facer unha posta en común da afiliación de toda Galiza sobre os asuntos de importancia para os traballadores e traballadoras de Telefónica. Desexamos que sexa un acto que fomente a participación, que propoña una análise e unha crítica construtiva, e que nos leve a unha reflexión sobre a maneira de encarar os tempos futuros.

Para poder abordar todos os temas que a afiliación considere importantes, trataremos de elaborar uns borradores do que serían os textos que se aproben na Conferencia, estes borradores partirán do material que nos faga chegar toda a afiliación, precisamos a participación de todas e todos para que os textos definitivos incorporen as diferentes visións da afiliación. Establécense a seguinte cronoloxía para a preparación da Conferencia:

1. **Participación directa:** dende este momento e ata o **3 de abril**, podedes facernos chegar calquera suxestión, proposta, idea, reflexión... para incorporar aos borradores que se traballarán na propia Conferencia. As achegas poden ser realizadas por calquera vía: Email, teléfono, FAX...

Esta primeira fase de recollida de material rematará coas Asembleas que se celebrarán a semana do **30 de marzo ao 3 de abril**. Informaremos con tempo das Asembleas, trataremos de facervos chegar con antelación o material que teñamos.

2. **Grupo de Trabajo:** con todo o material recollido e despois de celebradas as Asembleas haberá que formar un Grupo de Trabajo para elaborar os borradores, os textos deben partir das propostas recollidas entre a afiliación.

O **16 de abril** celebrará a súa primeira reunión de traballo, este Grupo terá autonomía para decidir sobre a metodoloxía de traballo que mellor lles conveña e se adapte ó xeito de traballar do grupo.

3. **Xuntanza da Coordinadora Nacional:** o **14 de maio** celebrarase a reunión previa á Conferencia, nesta reunión deben quedar listos os borradores para o traballo na Conferencia. A idea é que estes textos sexan capaces de fomentar a análise, a crítica e o debate na Conferencia, non se trata de levar textos definitivos senón de que sexa a participación activa de todas e todos a que elabore o documento definitivo. Neste día tamén deben quedar pechados os últimos remates sobre a organización da Conferencia.

4. **Conferencia Nacional CIG Telefónica:** celebraremos o acto no Local Comarcal da CIG en Compostela. Será o **sábado 6 de xuño**, comezará ás 10:00 horas e está previsto o remate sobre as 14:30 horas.

Haberá un xantar, nun restaurante próximo ao local que aínda está por determinar, ó remate do acto. Para a organización do evento necesitamos saber con anterioridade cantas persoas participarán na Conferencia, a data límite para confirmar a asistencia será o **29 de maio**.

Iremos informando de cómo vai o proceso na súas diferentes fases e recordándovos a todas e todos as datas importantes para poder cumprir a cronoloxía que estamos establecendo.

Agardando a vosa participación, un saúdo.

Sección Sindical CIG Telefónica